

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**ANUNCIO ACTA Nº 1****TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN POSTO ALGUACIL-
CONSERXE, FUNCIONARIO INTERINO
CONCELLO DE PONTEDEUME****SESIÓN DO DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2025**

...//...

A continuación o Tribunal inicia o proceso de confección e reprografía do primeiro exercicio da fase de oposición, que terá as seguintes preguntas:

1.- Explique brevemente que tería que facer na Oficina de conserxería no caso de que se lle traslade unha notificación dun departamento a unha empresa S.A. provedor municipal e non dispón dos datos de contacto electrónico.

2.- Un cidadán presenta unha instancia para participar nun proceso selectivo na oficina de rexistro do Concello de Ponte deume, achegando copia do DNI e copia da titulación esixida para participar na convocatoria. O funcionario de rexistro infórmalle de que lle debe mostrar os documentos orixinais -DNI e título- ou copias cotexadas para poder anexalos á instancia como copias auténticas, negándose a recollelo. O cidadán alega que as bases da convocatoria non establecen que os documentos para presentar deben ser orixinais ou copias cotexadas, que él responde da veracidade do documento como cidadán que acode ás oficinas, e que se se nega presentarao igualmente desde a súa casa a través da sede electrónica. É correcta a actitude do funcionario da oficina de rexistro ao darlle esta información ao interesado e actuar desta maneira?

3.- Explique como actuaría se a Secretaria Xeral entrégalle as citacións para ser membro de mesa para as eleccións municipais. Das sete citacións, cando acode aos domicilios tres deles non lle abren a porta e outros tres néganse a recollela porque din que non vai dirixida a eles. Só pode entregar correctamente unha delas. Como ha de actuar o notificador en cada un destes tres casos.

4.- Cales son os órganos necesarios en todos os concellos independentemente da súa poboación.

5.- Indique como se realiza o cómputo de prazos por días, horas e meses. Indique a diferenza entre días hábiles e naturais e cando sería a finalización do prazo en caso de prazos por días e por meses

6.- Indica en que parroquia e lugar atópanse os seguintes edificios e instalacións:

Casa do concello:

Ermida de Breamo:

Polígono de Vidreiro:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rexistro de Propiedade:

Oficina de servizo de augas:

Praia de Ínsua:

Nave de obras e servizos:

Centro de interpretación Fragas do Eume:

Depuradora de augas residuais:

7.- Indique en que parroquia e lugar atópanse os taboleiros de anuncios municipais:

8.- Cales poden ser as causas que indica o aviso de recibo por notificación do Servizo público de Correos polas que unha carta enviada certificada con acuse de recibo non foi entregada ao destinatario?

9.- En caso de producirse un incendio no edificio do concello. Indique os pasos para seguir para unha correcta evacuación, que tería que levar o conserxe do edificio.

10.- Cales son os catro riscos laborais? Explique brevemente cada un deles.

2ª PARTE.- REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

O tribunal se traslada ao edificio FOREMDES, ás 11.00 horas, para a realización da primeira proba do proceso de selección, segundo o indicado nas bases da convocatoria.

O chamamento ten lugar ás 11.13 horas, segundo o que ao respecto establecen as bases reguladoras do proceso selectivo.

Asisten:

APELIDOS E NOME
CAÍNZOS VARELA, CAROLINA ALEJANDRA.
COUCE PREGO, MIGUEL.
DÍAZ ÁLVAREZ, FÁTIMA.
DÍAZ CARPENTE, ÓSCAR MANUEL.
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JAVIER.
FUSTER BALLESTEROS, FÁTIMA.
MONTES CELEIRO, JOSÉ ÁLVARO.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PÉREZ PIÑEIRO, EMMA.

PICO VÁZQUEZ, MARCOS.

PRIETO FRAGA, DESIREE.

SANTA OLAYA NUÑEZ, MÓNICA ALEJANDRA.

TEMBRÁS HERMIDA, ROSA BELÉN.

O presidente do Tribunal, da conta das instrucións de realización do exercicio segundo o que ao efecto establecen as bases da convocatoria concedendo un temo de unha hora para contestar ás 10 preguntas curtas no espazo asignada na plantilla de respostas entregada a todos e todas os aspirantes.

Inicia o exame ás 11.19 horas

Finaliza o exame ás 12.19 horas

A continuación o Presidente levanta a sesión, convocando aos membros do Tribunal para o vindeiro 22/10/2025 ás 09.30 horas no que se procederá a corrección do exercicio."

O que se publica aos efectos de xeral coñecemento dando cumprimento ao establecido nas bases da convocatoria.

A secretaria

Ana Ramos Ramos

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal, <https://sede.pontedeume.gal/> no apartado: Verificación de documentos.

